

A etapa máis longa da historia da humanidade

Durante centos de miles de anos a obtención do alimentos necesarios para vivir marcou o ritmo de vida da humanidade.

Neste tempo os homes dependen do que a natureza lles ofrece e, por iso, a procura de comida e de auga condicionará os seus modos de vida. É unha longa etapa que non rematará ata que o home consiga producir el mesmo os seus alimentos, cousa que sucederá hai pouco máis de 10.000 anos.

Así pois, esta longuísimas etapa da historia dos homes é coñecida como ETAPA PRE-AGRICOLA (anterior ó descubrimento da agricultura) ou tamén co nome de paleolítico (por ser a etapa na que se constrúen as primeiras ferramentas de pedra).

Os primeiros homes deberon organizarse para sobrevivir en pequenos grupos.

1.Organización do grupo humano

O clan

O grupo de viaxeiros atravesou o río polas augas pouco profundas. Eran vinte homes e vellos. O clan contara con vinteseis membros antes do terremoto que derrubou a cova. Dous homes abrían o paso moi por diante do núcleo de mulleres e nenos flanqueados por un par de homes maiores. Os varóns novos formaban a retagarda.

O xefe do pequeno clan quedou mirando para a muller que imploraba, non levaba carga, só o seu manto exterior de peles e as súas armas. Non necesitaba sinal ou adorno para identificar a súa xefatura. O seu porte e a deferencia que os demais mostraban evidenciaba suficientemente a súa posición....

Un ancián, de máis de trinta anos chegou ata ela. Non levaba arma nin carga, só un longo cavado para axudarse. Levaba un manto de coiro cortado como os demais, pero da correa que rodeaba o seu corpo colgaban varias bolsas e os seus movementos denotan unha grande seguridade. Era o Mo- gur, o home santo reverenciado en todos os clans, e ás veces o seu poder era maior que o de calquera xefe.

AUEL, J.M. O clan do oso cavernario

2.Na procura do alimento

Sen lugar a dúbidas, a necesidade de alimentarse foi a primeira preocupación do home, e como non coñece aínda o modo de producir os seus propios alimentos, depende moi estreitamente do medio xeográfico no que vive, e debe coñécello profundamente. A caza era unha das principais actividades, xunto coa recolección de plantas silvestres e unha pesca rudimentaria.

A recolección

Os cazadores non eran o único recurso de que dispoñía o Clan para o seu alimento. Con frecuencia as mulleres aportaban a maior parte, e esta era a máis segura. A pesar das súas cargas, ían recollendo mentres viaxaban e facíano con tanta eficiencia que case non retardaban a marcha do grupo. Unha mata de azucenas amarelas era rapidamente baleirada de abrochos e flores, e raíces novas e tenras quedaban nun instante visibles cuns cantos golpes dos paus de cavar. As raíces de espadana, arrincadas baixo a superficie de augas pantanosas, eran aínda máis doadas de arrincar...cortaban brotes novos e as follas tenras do trevo, da alfalfa, do dente de león...arrincaban as púas do cardo e recollían as baías e as froitas. Os agudos paus de cavar estaban constantemente ocupados e nada quedaba a salvo da súa punta nas hábiles mans femininas. Empregábanse como panca para dar volta ós troncos caídos na procura de pequenos tritóns e deliciosos vermes gordos; moluscos de auga doce eran pescados nos ríos e achegados a ribeira para facilitar a súa captura; e diversidade de bulbos, tubérculos e raíces eran sacados da terra. Todo iso ía depositándose nas prácticas dobras dos mantos das mulleres ou nalgún roncón baleiro dos seus canastros. As follas verdes grandes servían para envolver...outras cocíanse coma verduras...

Auel, J.M^a O clan do oso cavernario.

Loxicamente, o clima condicionaba o tipo de fauna e de vexetación, e os homes non cazaban o mesmo nas zonas frías que nas de clima tropical. Nestes, a caza escasea e resultaba difícil practicala pola espesura da vexetación. Nalgunhas comunidades que viviron en zonas e épocas frías nas que cazaban e comían animais como o mamut, o aproveitamento deste tipo de animais pode sorprendernos.

Aproveitamento dun mamut

O clan aproveitaba case todas as partes do animal. Non só consumían a carne, senón que a graxa era particularmente apreciada; aportaba as calorías necesarias, pero tamén se empregaba para o curtido doutras peles, proporcionaba combustible para as lámpadas de pedra,...empregábase como impermeabilizante...tiña moitos usos a graxa.

O coiro do mamut podía servir para calzar os pés, facer rachaventos para a apertura da cova, olas, correas fortes para as ataduras e refuxios ó aire libre. O forro de pelos suaves podía curtirse, a base de golpes, nunha especie de feltro empregado para encher almofadas e colchóns e mesmo como absorbente para cueiros dos nenos. Os pelos longos eran retorcidos para formar cordas sólidas; os tendóns e as tripas retorcíanse en fortes cordas; a vexiga e o estómago servían coma recipientes para a auga, olas para a sopa, como almacén de alimentos....desperdiciábase moi pouco...ósos de costela servían para revolver, anchos ósos pélvicos eran pratos e fontes...ósos da queixada e da cabeza servían de culleres, tazos e cuncas. Os ósos grandes e sólidos das enormes bestas eran o material de construción máis abundante naquelas estepas nas que case non había árbores...

Auel: O clan do oso cavernario e As chairas do tránsito

A cacería

Os mamuts podían alonxarse e ao tempo cambiar outra vez. Os cazadores tiñan que aproveitar a oportunidade. Construíron unha parede de rochas e xeo para bloquear o espazo aberto a carón do canón, dese xeito o canón convertíase nun curral provista dunha soa entrada. Habería que fustrigar a aqueles monstros con teas feitas con esterco de mamut e fel seco.

O plan foi simple e eficaz. Construíron dúas ringleiras de pedras. Detrás de cada unha deixaron varios fachos preparadas. Dos cincuenta cazadores, uns colocáronse dentro do canón, protexidos por bloques de xeo, para o primeiro ataque frontal. Outros situáronse entre as pedras e os corredores máis velozes e fortes comezaron a rodear o rabaño.

Brecie explicou, para a información dos máis novos que nunca cazaran ás peludas bestas, algunhas características e puntos vulnerables dos mamuts.

Os dous grupos de cazadores expertos camiñaron cara á manada de mamuts trazando un amplo círculo para rodealos, sen pronunciar máis palabras que as necesarias, por temor a espantalos. Ayla viu como o grupo de cazadores que rodearan a manada polo outro lado avanzaba agora cara ós mamuts que asemellaban

estar en movemento.

Non houbo sinal que indicara o inicio do acoso, a operación comezou lentamente, os mamutoi eran cazadores experimentados e estaban acostumados a cazar xuntos.

Unha grande femia, a matriarca do rabaño, pareceu notar as intencións, Ayla botou a correr na súa dirección, abullando e axitando a súa tea. Cando os mamuts percibiron o olor da herba chamuscada, a vella femia volveu a bramar, acompañada por un coro de grandes alaridos, mentres as bestas parduzcas e vermellas tomaban velocidade lanzándose en desbandada....por fin a manada enfilou o sendeiro marcado polos cazadores. A terra vibraba ao paso dos mamuts que se precipitaban inconscientemente na trampa. Os bramidos dos animais resoaban contra os muros xeados, atronando os oídos e alterando os nervios.

.....un membro novo do campamento arroxou a lanza, a punta do pedernal atravesou a dura pel para aloxarse profundamente no abdome, seguiu outra que tamén fixo branco no seu ventre, desgarrando unha ampla franxa, a seguinte abriuse paso entre dúas costelas. A vella femia caeu de xeonllos, fixo un intento de levantarse e derrubouse.

AUEL,J.M. Os cazadores de mamuts

Os primeiros cazadores de Europa perseguían ós animais existentes naquelas época en que o clima era moito máis frío que o actual: renos, cervos, bisontes...

Almacenando para o inverno

Traballaba rapidamente pero con moita habilidade a canastra. Agregando pedras moi quentes, podería usarse como pota para cocer, máis non era iso o que se propoñía mentres lle daba forma: preparaba un contedor para almacenar, xa que pensaba en todo o que tería que facer para abastecerse con vistas á estación fría que se aveciñaba.

-As grosellas que recollín onte estarán secas nuns días, calculou Ayla, mirando as baias redondas e vermellas estendidas sobre esterros de herba na entrada. Para entón haberá moitas máis maduras, tamén abundarán os arándonos, pero non lle vou sacar gran cousa a esa maceira retorta. O cereixo está cheo pero as cereixas están case moi maduras. Se quero recoller unhas poucas terá que ser hoxe mesmo. As sementes de xirasol están boas, con tal de que os paxaros non acaben primeiro con elas. Creo que cerca da maceira hai abeleiras pero son moito máis pequenos que os da caverna pequena, estou segura. Paréceme que estes pinos son dos que teñen piñas grandes cheas de piñóns, xa verei despois.

Teño que por a secar as verduras, e lique, e cogomelos e raíces. Non terei que secar todas as raíces, algunhas conserváranse bastante ben no fondo da caverna. Faranme falla máis sementes de quenopodio? Son tan pequenas que nunca parecen suficientes. Pero o gran merece a pena e na pradería hai algunhas espigas que xa están maduras. Hoxe recollerei cereixas e gran, pero necesitarei máis canastros

para gardar cousas. Quizais poida facer algúns recipientes con cortiza de bidueiro.

AUEL;J.M.: O val dos cabalos.

3. As ferramentas

Os homes primitivos teñen grande habilidade traballando a pedra , o óso ou a madeira; así realizaron as súas ferramentas de traballo para cazar, cortar, raspar, etc, ó tempo que as perfeccionaban e inventaban outras novas.

Traballando o sílex

Droog detívose para examinar o sílex con ollos críticos...entón comezou a trazar groseiramente o perfil dun machado de man. As grosas lascas que caían ó golpear tiñan agudas arestas; moitas serían utilizadas como follas de cortar, tal como caeran da pedra...Droog deixou o seu martelo e recolleu un anaco de óso: apuntando coidadosamente golpeou o corazón do sílex moi preto da aresta aguda e ondulada. O martelo de óso, máis suave e elástico que o de pedra, produciu lascas máis longas e delgadas e arestas máis rectas.

Ó cabo dun momento, Droog tivo na man o produto acabado. A ferramenta tería uns 15 cm, tiña unha punta no extremo de arestas rectas e cortantes...podía sosterse na man e servir para cortar madeira coma un machado ou para afondar unha cunca de madeira nun anaco de tronco coma unha aixola ou para desprender un fragmento de marfil de mamut ou para romper os ósos de animais.

AUEL,J. O clan do oso cavernario

Algúns grupos tiveron unha técnica máis perfecta que outros

Armas

O pobo de Jondalar posuía unha tradición de invención creadora e utilizara doutros modos ideas análogas. Por exemplo, un fragmento afiado de pedernal sostido coa man era unha eficaz ferramenta de corte, pero ó agregarlle un mango, o usuario aumentaba extraordinariamente a forza e o control da mesma. A idea en aparencia sinxela, de aplicar mangos ás cousas- coitelos, machados, aixolas e outras ferramentas para tallar, cortar e perforar e un mango máis longo para as pas e os angazos, e mesmo unha forma de mango separable para tirar una lanza-multiplicaba moitas veces a súa eficacia. Non era simplemente unha idea sinxela, tamén era unha invención importante que facilitaba o traballo e aumentaba a probabilidade de supervivencia.

AUEL.J. As chairas do tránsito

Nestas imaxes podemos ver a homes actuais que aínda traballan a pedra como o facían os homes do Paleolítico europeo.



A medida que pasaron os anos, fóronse especializando os machados de pedra tallada ou lascada, fabricando pezas cada vez máis variadas, mellor traballadas, e, en lugar dun só machado que servía para todo, irán aparecendo ferramentas específicas: coitelos, raspadeiras, arpóns, lanzas.

Tamén irase diversificando o material de construción: cuarcitas, sílex, cristal de rocha...

E o seu tamaño será cada vez menor: os denominados micrólitos (pequenas pedras)



O lanzavenablos

Ela colleu un na man. Era un dispositivo sinxelo pero enxeñoso: unha platabanda plana e estreita de madeira dunha lonxitude máis ou menos igual á metade da lanza, cun suco no medio onde apoiábase a lanza e un tope labrado en forma de gancho. Levaba dúas correas para os dedos suxeitos a ambos lados, a carón da parte dianteira do lanzavenablos.

O tiralanzas sostíñase primeiro en posición horizontal, con dous dedos metidos nas correas de coiro que suxeitaban a lanza e o dispositivo; a lanza repousaba no suco, co extremo de madeira contra o tope. Ó lanzala, sostendo o extremo dianteiro por as correas, o extremo posterior saltaba, incrementando o largo do brazo que lanzaba. A panca adicional aumentaba a velocidade e a forzo con que a lanza soltábase da man.

-Jondalar, creo que chegou a hora de comezar as practicas.

AUEL,J.M. : O val dos cabalos



na imaxe pódese apreciar o funcionamento do propulsor

4. A elaboración do alimento

O lume

Podían prender lume, pero mentres viaxaban por un territorio descoñecido era máis difícil levar un carbón desde o campamento e mantelo prendido en lugar de dedicarse noite a noite a prender un novo con materiais probablemente pouco axeitados... aínda que sabía prender o lume cos elementos tradicionais, é dicir, facendo xirar unha longa virilla entre as palmas das mans contra a plataforma lisa de madeira para formar unha brasa que producía chama ó soprala, o sistema que empregaba Ayla para facer lume era único.

Cando vivira soa no val fixera un grande descubrimento: por casualidade, recollera un anaco de piritita de ferro do leito de pedras a carón do regato e... comprendeu de seguida o que podería obter cando o choque da piritita de ferro co pedernal provocou unha chispa bastante duradeira que lle queimou a perna. O principio necesitou facer varias probas, pero non tardou en descubrir como sacarlle o mellor partido ó uso do pedernal.

AUEL, J.M. *As chairas do tránsito*

O lume foi, sen dúbida, un gran descubrimento. A súa obtención era difícil e por iso debía manterse aceso.

A preparación da comida corría a cargo das mulleres, que podían chegar a elaborar pratos moi ben condimentados.

Cociñando

Cos mesmos coitelos que pedra afiados que empregaban para escolar e cortar a carne, as mulleres raspaban e toraban raíces e tubérculos. Canastros tecidos apertadamente que podían conter auga foron enchidos de auga e logo introduciron neles pedras quentes. Unha vez frías, as pedras volvían a meterse no lume, mentres outras, quentes, metíanse na auga para facela ferver e cocer as verduras. Torraron vermes gordos ata que tornaron quebradizos baixo os dentes e asaron lagartas ata que a dura pel ennegreceu e estoupou, expoñendo as ricas porcións de carne ben cocida....

Ayla miraba como Uka remexía anacos de carne no saboroso caldo que estaba cocéndose con cebola silvestre, fárgara salgada e outras herbas. Uka probouno e logo engadiu anacos de tallos de cardo, cogomelos, abrocho e raíces de lirio, berros, abrochos de asclepiadácea, pequenos iñames verdes, arándanos traídos da outra cova e flores murchas de lirios do día anterior para espesalo...

Anacos de masa cocían sobre pedras quentes preto do lume. Follas verdes con

oídio, quenopodio, cravo e follas de chicoria sazonadas con fáfara cocían noutra ola e unha salsa de mazás secas e ácidas mesturadas con pétalos de rosa silvestre e un afortunado achado de mel, fumeaban a carón doutro lume.

AUEL.J.M: O clan do oso cavernario.

5.0 vestido como protección

O vestido como elemento protector foi tamén unha gran preocupación, sobre todo para aquelas as comunidades primitivas que viviron en ámbitos onde o frío era intenso; alí as peles dos animais facían un grande servizo, mentres que noutros ambientes os vexetais proporcionaron tamén un elemento de protección.

Preparación das peles

Ayla foi ó almacén, próxima a súa cama e despregou un coiro completo. Ayla cortou a grosa pelame a ras de pel servíndose dun coitelo afiado; logo colgouno dun gran óso de mamut e raspouno cun anaco de pedernal sen corte. Raspouno por dentro, para eliminar os restos de graxa e por fóra, a contrafío, quitando a capa superficial e as rugosidades da pel. Despois de lavar e remollar a pel, frotou o coiro cunha pasta feita con miolos putrefactos de animal empapándoo con eles. Ayla quedou sorprendida da suavidade e a elasticidade que adquirían os tecidos, incluso mentres os estaba frotando.

A man de Ayla acariciaba a pel da donicela.

-O armiño ten unha pel moi bonita- comentou.

Como case todos os da súa familia, -completou Deegie-. As martas, os visóns e ata os glotóns teñen un bonito pelaxe. No son tan suaves, pero moi bos para facer carapuchiñas .

AUEL,J.M. Os cazadores de mamuts

E con as peles formaban e cosían traxes moi abrigosos

A roupa de abrigo

As zamarras estaban cortadas segundo unha forma moi sinxela. A parte de diante e a das costas eran pezas máis ou menos rectangulares unidas por un cordel ós lados e nos ombreiros, con dous rectángulos máis pequenos dobrados e cosidos formando tubos e unidos para facer as mangas. As carapuchas cosidas tamén tiñan unha orla de pel de lobo arredor do rostro, para que o xeo que se formaba coa humidade do

alento non lles quedara pegado. As zamarras estaban suntuosamente decoradas con contas de óso, marfil, dentes de animais, ademais de coas puntas negras de colas de armiño. Pasábanse pola cabeza e colgaban, frouxas como túnicas, máis ou menos ata medio das coxas e cinguíanse arredor da cintura cun cinto.

Debaixo das zamarras, os mozos vestían camisas de suave pel de ante, confeccionadas segundo un patrón similar, e calzóns de pel cunha aletaña por diante e suxeitos por unha dobrez á cintura. Os mitóns ,enteiramente forrados de pel, ían atados cun largo cordón que pasaba polas costas de maneira que puideran retirarse rapidamente sen caer nin perderse. As abarcas tiñan a sola moi grosa, rodeaban o pé e estaban fixadas a un coiro máis suave que se axustaba ó contorno da perna e atábase con correas. No interior o forro era de feltro solto, feito con la de muflóns.

AUEL;J.M.: O val dos cabalos.

As agullas, algo tan refinado que todos nos asimilamos ó progreso, eran bastante usuais e normalmente aparecen nos enterramentos de mulleres dentro dunha envoltura de óso baleirado no que aparece xunto coa agulla de óso tendón fino coma se dun fío actual se tratase.

Confeción da vestimenta

Con moita destreza perforou un buraco no borde do coiro, cun óso pequeno, duro e sólido da pata dun zorro ártico, naturalmente afiado e coa punta endurecida. Despois puxo un anaco de tendón sobre o burato e coa punta do punzón, pasouno ó outro lado. Prendeu cos dedos o extremo polo lado oposto e tirou. Fixo outro burato e repetiu a operación.

Ayla respirou profundamente e reiniciou o seu labor. Pasar a punta dos pelos trezados de mamut polo coiro non era tan difícil, o óso introducíase case ata o outro extremo . Se puidera suxeitar o tendón a isto, pensou, sería fácil...

Fixo unha pausa para examinar con atención o pequeno óso...

Deegiel Gritou

Que? respondeu a moza sobresaltada.

Creo que xa sei como facelo!

facer que cousa?

Pasar o tendón polo furado. e se practicamos un furado no extremo traseiro dun punzón e logo pasamos o tendón por ese furado, que che parece? funcionaría? ...non poderíamos facer algo así como unha punta de lanza diminuta e perforarlle un furado no outro extremo?

Ayla estaba tensa de entusiasmo.

Deegie volveu a pensar.

Deberíamos pedir a Wimez que nos fixera unha broca máis pequena, pero podería funcionar, Ayla, creo que podería funcionar!

AUEL.J.M . Os cazadores de mamuts.

E tamén elaboraban calzado para os pes

O calzado

O procedemento baseábase nunha característica natural do alce ou do cervo: as patas traseiras flexionan tanto a articulación que se adaptan á forma natural do pé humano. Cortaban o coiro por enriba e por debaixo das conxunturas e extraíanas dunha peza. Unha vez secado, cosían o extremo inferior dándolle o tamaño desexado: o outro extremo envolvíase e atábase con cordóns por enriba do nocello. O resultado era cálido e cómodo.

AUEL.J.M Os cazadores de mamuts.

6. A vivenda

A necesidade do protexerse do sol, da choiva e do frío, levou ó home, á procura dun lugar para vivir. Nos primeiros tempos, este non era permanente, xa que o feito de ter que recolleitar e cazar obrigáballe a cambiar de lugar. Aproveitando lugares naturais como as covas ou baixo chozas feitas con materiais que normalmente podíanse desmontar e transportar. As imaxes dan idea de cómo eran algunhas destas chozas.

Organización dunha caverna

Cando os seus ollos se acostumaron á falta de escuridade quedou atónita e non só pola formación do fogar de Jondalar. Sobre o saínte de rocha caliza había un amplísimo espazo, moito maior do que Ayla imaxinara.

A novena caverna era a maior de todas as comunidades Zelandonii. No extremo leste do espacio protexido, xunto a parede do fondo erixíanse estruturas independentes construídas en parte de pedra e en parte de armazóns de madeira cubertos de peles. As estruturas estaban orientadas cara o Oesteos primeiros

catro ou cinco palmos dos muros exteriores de cada espazo eran de pedra caliza, había bloques bastante grandes e outros máis pequenos de entre cinco e oito centímetros de ancho que se encaixaran enxenosamente de modo que quedase unha estrutura compacta, de vez en cando empregábanse anacos máis pequenos para encher os ocos, entre paneis de coiro que alcanzaban unha altura de máis de dous metros e medio. Ayla alzou a vista, non había máis teito que a certa altura sobre o muro a cara inferior do saínte de pedra. O fume das lareiras elevábase por enriba dos paneis ata a pedra e dispersábase sen enturbar o aire. O saínte do precipicio protexíaos das inclemencias do tempo e as moradas podían ser moi confortables.

AUEL, J.M.: Os refuxios de pedra

Nunhas zonas os lugares empregados para vivenda eran máis complexos que noutros dando lugar a diferentes tipos de vivenda.

Unha vivenda

Dous grandes caninos de mamut estaban firmemente cravados no chan, coas puntas enfrontadas entre si. Cubría a entrada unha pesada cortina feita con coiro de mamut. A arcada daba a unha ampla zona de ingreso, con outro simétrico arco de caninos e outra cortina de coiro situada xusto enfronte. Descenderon ata atoparse nun vestíbulo circular de grosas paredes curvadas cara arriba, formando unha bovedilla. Talut retirou a cortina interior, cruzou a arcada e sostivo o coiro para deixar paso ós seus hóspedes.

Ayla detívose asombrada, o espazo onde estaban tiña preto do centro un gran fogar. Enriba deste grelábase un enorme anaco de carne, atravesado por un longo pau. Cada extremo descansaba nun oco tallado no xeonllo dun óso de pata de mamut pequeno ficado no chan.

Ó acostumarse os seus ollos á penumbra interior, sorprendeulle a amplitude de aquel aloxamento limpo e comfortable. O fogar era só o primeiro de toda unha serie deles que se estendían nunha larga vivenda que pasaba dos vinte e catro metros de lonxitude e medía case que 6 de anchura. Sete fogares, contou Ayla para si.

No interior facía calor. Os lumes quentaban a vivenda soterrada máis do que soía quentar nas covas ás que ela estaba habituada, en realidade aquilo era moi abrigado. E na parte traseira non faltaba a luz. O teito tiña máis ou menos a mesma altura en toda a súa lonxitude: uns tres metros e medio con buracos para o fume sobre cada fogo, eses buracos deixaban pasar tamén a luz. Cruzaban o teito vigas feitas con ósos de mamut, das que pendían roupas, utensilios e comida.

Ayla reparou en varios bancos xunto as paredes sobre os que se amontoaban peles sobre as que se sentaban as persoas.

-É como unha cova- pensou-, unha cova moi grande e cómoda. Pero os caninos curvados, os longos ósos de mamut empregados nos postes, e soportando os muros fixéronlle comprender que non se trataba dunha cova natural. Ialguén a construíral!

AUEL;J: Os cazadores de mamuts



Aquí temos a reconstrución dunha choza individual feita con osos de mamut

7.Coñecementos

As feridas, as roturas de ósos e os accidentes domésticos debían ser moi frecuentes. Os grupos humanos deberon pasar por situacións tráxicas pero o seu coñecemento do medio, sobre todo as propiedades de certas plantas, permitían aliviar a dor.

Aqueles individuos que tiñan eses coñecementos exercían unha maior influencia dentro do grupo, igual que aqueles que tiñan a disposición suficiente para organizar as cacerías ou decidir os lugares de acampada.

Coidados médicos

Creo que a inflamación diminuíu- dixo Ayla, logo de examinar o brazo. Poñereiche de novo as taboñas e unha estribeira, por se queres erguerse un rato e, pola noite, poñereiche unha cataplasma. Cando xa non haxa inflamación envolverei todo con cortiza de faia; terás que conserva-la posta un tempo, polo menos unha lúa e a metade de outra...

¿cortiza de faia? Preguntou Rosario.

- Cando se empapa en auga quente abrándase e resulta fácil darlle a forma que un quere, Tórnase ríxida e dura ó secarse e manterá inmóbil o teu brazo ata que cure

incluso se te moves...

AUEL, J. M. As chairas do tránsito.

8.As crenzas

Os primeiros poboadores do continente europeo deixaron boa mostra da súa preocupación por preservar os corpos dos mortos aínda que dependendo dos lugares o sistema empregado era diferente.

O enterro

Mog-ur tomou o seu caxato e foise cara ó fondo da cova. Levaran pedras que agora estaban amontoadas nun currucho baleiro da ampla caverna e escavaran unha zanca pouco profunda na terra do chan. Iza fora unha curandeira de primeira categoría. Non só a súa posición na xerarquía do Clan senón a súa intimidade cos espíritos impoñía que fora enterrada na cova. Iso garantía que os espíritos protectores que a coidaban quedarían cerca do seu Clan e ela mesma podería vixialo desde o seu fogar do outro mundo. O Mog-ur espolvoreou con ocre vermello a zanca e despois acercouse ó corpo de curandeira, flexionado en posición fetal cos tendóns tinxidos de vermello, deste xeito dobrada e cuberta coa cor vermella Iza sería entregada ó outro mundo.

Os instrumentos que Iza empregara na súa vida foron baixados á tumba coa muller e o Clan comezou a amontoar as pedras arredor e por enriba do seu corpo mentres Mogur facía sinais rogando ó Espírito do Gran Ursus e ó tótem da muller. Unha vez que a derradeira pedra estivo colocada, as mulleres do Clan comezaron a por leña arredor e enriba do montón de pedras. Unha brasa do fogo da cova foi empregado para iniciar o fogo para guisar o festín do funeral. O fogo seguiría ardendo varios días. A calor apartaría toda humidade do corpo, disecándoo, momificándoo e quitándolle olor.

AUEL.J.J.: O clan do oso cavernario.

Ritos funerarios

Temos que preparalo para o enterro.

Ayla pediu un anaco de coiro, fixo unha bolsiña e meteu dentro o amuleto de Rydag, meteu un anaco de ocre vermello e o atou o colo do neno.

Ayla pediu a Deegie unha das cuncas de madeira e mesturou nela a graxa de mamut con ocre vermello, formando un unguento coloreado. Despois foron Neezie, Crozie e

Tulie, as de maior idade entre as mulleres do campamento, quenes untaron con el o corpo de Rydag e o vestiron, Ayla apartou un pouco de unguento para despois e colgou do colo unha bolsiña co seu amuleto.....colleu o pequeno cunco de pasta vermella para convocar os espíritos, afundiou un dedo na pasta vermello e trazou unha liña vertical no rostro do cadáver, desde a fronte ata a nariz. Logo incorporouse dicindo en alta voz:

- O nome do neno é Rydag.

Logo Talut portou o corpo e depositouno na sepultura, os membros do campamento foron colocando diversos obxectos xunto o cadáver. Neezi deixou algúns alimentos, Latie agregou o asubío favorito, Tronie a sarta de vértebras que el empregaba para entreter os bebes no inverno pasado.

A unha sinal todos os membros do campamento do León recolleron unha pedra a depositaron coidadosamente sobre a silueta amortallada.. Comezou entón unha danza en honor do neno.

AUEL,J.M.: Os cazadores de mamuts

Igual que as calidades dun individuo permitíanlle chegar a posuír un dominio dos aspectos curativos, outros demostraron as súas calidades a través da realización de pinturas e esculturas. Son as primeiras manifestacións artísticas e teñen a súa principal razón de ser en relación coa procura do alimento.

As pinturas de animais que agora podemos contemplar nas paredes das rochas xunto ás que habitaron os clans prehistóricos foron realizadas para propiciar a caza. E así seguen facéndoo os primitivos actuais. A idea é que si representaban graficamente o animal desexado, este caería máis facilmente nas mans do cazador.

Iso explicaría o realismo destas obras de arte e o feito de que moitos animais estean atravesados por frechas. Igualmente, a aparición dunhas estatuíñas que representan figuras femininas ,coñecidas como “Venus” ponse en relación coa idea de que serían símbolos destinados a aumentar a fecundidade.

As pinturas rupestres

Non quería seguir á muller que a precedía, non se consideraba unha muller con medo ás covas, pero aquela en particular tiña algo que a impulsaba a darse a volta e botar a correr...sostendo a tea a muller que precedía trepou pola rocha cara a unha estreita abertura. Moita xente a chama A Cova profunda da Rocha da Fonte. A muller levantou a tea para que Ayla vira ás pinturas das paredes. Na primeira un mamut estaba pintado de perfil, tal como ela o vira case sempre. A protuberancia da cabeza seguida de outra na cruz, pero un pouco máis abaixo do lombo, facía ó animal facilmente recoñecible. Estaba pintado de vermello, pero matizado con marróns vermellos e negros a fin de destacar os contornos e detalles anatómicos. Atopábase na entrada e estaba tan ben pintado que Ayla tivo a sensación de que o mamut podía saír camiñando da cova. Ayla non comprendía como era posible que os animais pintados apareceran tan cheos de vida. Era unha técnica elegante e

precisa. Cunha ferramenta de pedernal gravábase un perfil definido e claro do animal, con todos os seus detalles e enriba do contorno pintárase unha liña negra. Fóra do trazo gravado raspárase a parede para que afluera a cor de marfil propio da pedra. Deste xeito resaltábanse o contorno e as cores coas que se pintara o mamut e contribuíase a crear o efecto tridimensional da obra.

As técnicas transmitíranse e aínda que algúns artistas eran máis hábiles que outros, todos sabían empregar as sombras para crear a sensación de plenitude vital.

Non moi lonxe do primeiro mamut había outro e o cabo dun rato viron moitos máis e tamén dous cabalos pequenos nos que predominaba a cor negra. O perfil do animal estaba perfectamente definido e cicelado en pedra, destacado cunha liña negra. Seguiu polo pasadizo ata unha escena de dous renos saudándose: o primeiro miraba cara o interior da cova, era un macho, pintado en negro e a súa forma e contornos representados con absoluta precisión, incluída a enorme cornamenta. Ayla observou con gran sorpresa e fascinación que o animal tiña a cabeza en alto e lambía con tenrura a fronte da femia.

AUEL,J,M,: Os refuxios de pedra.

Pintura dun bisonte na Cova de Altamira (Cantabria)



As Venus

Ó falar, Jondalar meteu involuntariamente a man na bolsa que levaba colgada do cinto e tocou a figuriña de pedra que representaba unha muller obesa. Sentiu os enormes seos, o prominente ventre e as súas coxas e nádegas inmensas. Os brazos e as pernas eran insignificantes, os atributos da Nai eran o que importaba e os membros da figuriña de pedra só estaban apenas esbozados. A cabeza era unha bola cun esbozo de cabelos que caían sobre a súa faciana sen características. Ninguén podía mirar á cara de Doni, a Gran Nai Terra, a Antepasada Antiga, A Primeira Nai, Creadora e Sustentadora de toda vida. A que bendecía ás mulleres co seu poder de crear e traer vida ó mundo. E ningunha das pequenas imaxes de Ela que portaban o seu espírito se atreveu xamais a esbozar o seu rostro....e a súa vinganza podía ser grande.

AUEL, J.M.: O val dos cabalos.